

# Un fistor republicano na Ulloa

**D**ENDE toda a xeografía galega enviáronse condolencias polo falecemento, o xoves 12 de febreiro, de don Xesús Alonso Montero. Tamén na Ulloa sentimos o enorme baleiro que deixa un dos nosos máis relevantes intelectuais. Nunca esqueceremos o seu apoio, os seus acertados consellos e o ánimo que foi quen de transmitir a unha modesta asociación cultural do rural como é o Instituto de Estudos Ulloáns.

Foi en certo modo don Xesús quen determinou a elección do nome da revista do IEU. Contabamos para o proxecto co xornalista e poeta Daniel Salgado, que asumira a dirección e propuxera o nome de Cairón en homenaxe a Lorenzo Varela, polo seu simbolismo, mais o apoio de Alonso Montero foi decisivo. Hai que ter en conta que nese momento presidía a Real Academia Galega e que ademais fora, xunto co xornalista Fernando Salgado e o filólogo Gregorio Ferreiro, o promotor do estudo e da reivindicación da obra e da figura do poeta monterrosino. Foi nun xantar, a propósito dos actos do Certame Literario Lorenzo Varela, que el mesmo impulsou e que organizaron o IEU e o Concello de Monterroso, onde se optou definitivamente por ese nome.

Fora esa palabra, Cairón, coa que o poeta republicano, daquela no exilio en Bos Aires, agasallara aos liberadores do París ocupado polos nazis. Pensaba o poeta que coa liberación venciáse tamén ao fascismo: "Y puesto que estos tres españoles leales, /que hoy llaman a las musas de los pueblos en armas, /para cantar, franceses,

FRANCISCO PARDO  
TEJEIFERO



DIRECTOR DO INSTITUTO  
DE ESTUDOS ULLOÁNS

Lembraremos sempre ao fistor que veu cantar á Ulloa a cántiga dos vinte e cinco xastres en versión republicana

vuestra nueva comuna, /se prometieron daros la joya más amada, /yo, que no tengo nada, os doy esta palabra: /la palabra Cairón. /Y con ella la entraña y los huesos de mi alma".

Alonso Montero participou en varios números de Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns, e nas presentacións da revista tanto na Ulloa como en Lugo. En 2017 publicou en La Voz de Galicia o artigo 'Cairón: topónimo antifascista'. E en 2024, no mesmo xornal, 'Un orónimo ilustre: Cairón'.

Cativounos de Alonso Montero a súa faceta de fistor, de vate popular, agora ben, de fistor republicano. Sabiamos da súa habilidade para entoar cántigas, e xa no número 2 de Cairón publicara un artigo titulado 'Xastres (e poetas) dacabalo dun raposo na feira de Monterroso', no que analizaba as numerosas variantes da cántiga máis coñecida da Ulloa, a dos xastres na feira de Monterroso. Segundo o noso investigador, os que cabalgaron enriba dun raposo chegaron a ser estudantes (recollido en 1863), costureiras (en

1881), frades (en 1885), escribáns, o abade de Lubeira e, por suposto, os vinte e cinco xastres xuntos. E mesmo dicíanos que non todas as cántigas teñen como escenario a feira de Monterroso, tamén existen variantes ourensás: "Si tu vira-lo que eu vin/na feira do Carballiño/vinte e cinco xastres xuntos/bebendo un neto de viño".

Mais fora a raíz da publicación do seu libro 'Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo' (Ed xerais, 2017), que presentara en Vigo, cando o noso republicano veu á Ulloa a recitar a súa cántiga antimonárquica: "Se ti viras o que vin/na feira de Monterroso:/trinta poetas monárquicos/dacabalo dun raposo".

Hai uns anos o Instituto de Estudos Carballiñeses invitou aos directivos do IEU a unha entrega de premios. O noso enlace foi un amigo e socio común, o noso benquerido Ignacio Fonseca, que nos acompañou e presentou a autoridades, escritores e socios do Instituto. Entre eles estaba o seu socio de honor, Xesús Alonso Montero. No xantar, co pulpo como protagonista, o comentario xeral daqueles epicúreos e expertos comensais, incluído o socio honorario, foi o recoñecemento de que o pulpo de Monterroso era

de igual ou incluso superior calidade que o de O Carballiño. Regresamos á Ulloa como quen vén de gañar as olimpíadas: os próceres de O Carballiño elevaran ao noso pulpo a unha categoría superior.

Alonso Montero era socio de honor do Instituto de Estudos Ulloáns. Tamén o foi do Instituto

de Estudos Carballiñeses, e seguramente doutras asociacións culturais do rural. O 13 de maio de 2017 nomeámolo socio honorario do IEU na palleira da Casa de Laxe da aldea de Chorexe, Palas de Rei, a mesma onde fora fundado o IEU anos antes. Un edificio e un símbolo, o da palleira, que representa a fartura e a dignidade do agro lucense.

Se ben admiramos ao Alonso Montero da erudición, da oratoria, da investigación, da cátedra comprometida no cultural e no social, lembraremos sempre ao fistor que veu cantar á Ulloa a cántiga dos vinte e cinco xastres en versión republicana, ao home entrañable, de conversa culta e animada, que gozaba do bo xantar e das cousas simples pero transcendentales da vida.

